



Edición xestionada
por : [Asociación
Abertal](#)

FORO

A sección onde
deixares [as túas
opinións](#),
comentarios ou
suxestións e
debater con outros
internautas.

AS WEBS DE AQUÍ

Consulta no
[buscador de Vieiros](#)
as páxinas que
falan do Eo-Navia.

LINGUA

O galego está acreditado na Universidade da Bohemia Occidental, Chequia

[09/05/2006 22:44] A partir de Setembro de 2006, todos os
estudantes que queiran estudar galego como materia
optativa no currículo de Romanística da Universidade da
Bohemia Occidental poderán facelo, pois esta
universidade deu o visto e praxe ao recoñecemento do
galego e do catalán coma cadeiras acreditadas.

A Universidade da Bohemia Occidental de Pilsen (Plzeň),
Chequia (www.kro.zcu.cz) é a primeira universidade da Europa
Central, dentro dos países ex comunistas entrados na UE en
Maio de 2004, que introduce a materia de lingua galega dentro
dos seus currículos universitarios.

A Universidade da Bohemia Occidental (en checo Západočeská
Univerzita) incluíu o galego coma cadeira optativa a partir de
Setembro de 2006, sendo acreditada polo consello da
universidade xunto coa lingua catalá. De ambas as cadeiras é
profesor titular o docente eonaviego Xavier Frías-Conde, quen
é amais garante académico do grado de filoloxía hispánica.
Pola primeira vez na historia da docencia do galego fóra de
España, a nosa lingua é impartida por un profesor e non por un
lector, o cal pode marcar un fito interesante no avance do
coñecemento da nosa lingua alén das nosas fronteiras.

En todo caso, é posíbel que o inicio das aulas de galego aínda
se demore un curso académico máis por razóns técnicas, aínda
que non será así coas de catalán.

Eo-Navia

OUTRAS NOTICIAS

- ❑ [A comunidade escolar móvese contra a macrotraída da presa
de Arbón](#)
- ❑ [As mentiras da Plataforma Eonaviega de Xeira](#)
- ❑ [El Principado edita un mapa de estradas que non respecta a
toponimia tradicional](#)
- ❑ [Eo-Navia e eonaviego, dous términos cada vez máis populares](#)
- ❑ ["Na boca de todos", uha antoloxía poética del Eo-Navia](#)
- ❑ [Hórreos e cabazos nos concellos de Castropol e Ribadeo](#)
- ❑ [Os postres favoritos dos nenos de Santiso de Abres](#)
- ❑ [A Secretaría Xeral de Política Lingüística desminte que falase
duha nova lingua no Eo-Navia](#)
- ❑ [Manipulación e falsidade na historia da gaita del Eo-Navia](#)